

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DO COMERCIO LOCAL. PROGRAMA COIDAR PARA MELLORAR. ANUALIDADE 2022

1º Obxecto

O obxecto destas bases é regular a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para a mellora e innovación do comercio local, no marco do programa “Coidar para mellorar”, correspondentes á anualidade 2022.

Os obxectivos específicos destas axudas, que tratan de impulsar melloras na súa modernización, a través da transformación dixital e sostible e fomentar a cultura da innovación no comercio local como ferramenta fundamental para incrementar a súa resiliencia e competitividade empresarial, son:

- Promover a implantación de tecnoloxías tendentes á transformación dixital do sector comercial.
- Mellorar as condicións físicas dos locais en cuestións relacionadas coa distribución e funcionalidade dos espazos, punto de venda, a accesibilidade, eficiencia enerxética e sostibilidade e o atractivo comercial.
- Dotar os establecementos de equipamento e tecnoloxía que melloren a súa transformación, competitividade e resiliencia.

2º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.
- Que o local comercial sobre o que se realice o investimento se atope no municipio de Santiago de Compostela.
- Os requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

3º Gastos subvencionables

Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os seguintes investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada, beneficien ou teñan como lugar de realización a sede de actividade comercial e sexan realizados e efectivamente pagados desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 3 de outubro de 2022.

Segundo o artigo 29.8º da Lei 9/2007, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Esíxese un mínimo de 600 € (IVE excluído) en gastos xustificadas para poder concorrer a esta convocatoria.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

Detállanse a seguir os gastos subvencionables:

- a) Investimentos dirixidos á transformación dixital:
 - i) Investimentos dirixidos á mellora da atención, relación e coñecemento da clientela, e a súa fidelización, mediante o uso de novas tecnoloxías e técnicas de analítica avanzada.
 - ii) Investimentos na transformación dixital para incorporar, manter ou mellorar as funcionalidades da venda a través de canais dixitais que fomenten a omnicanalidade dos modelos de negocio e melloren a experiencia de compra no entorno dixital da clientela.
 - iii) Solucións en ciberseguridade
 - iv) Solucións métricas e de análise sobre o mercado, a competencia e o SEO.
 - v) Investimentos dirixidos á mellora no proceso de venda que, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, faciliten tanto a recollida no establecemento a través de fórmulas omnicanal, como proceso de compra e pago dos produtos adquiridos, evitando colas e aglomeracións nos establecementos comerciais.

- vi) Paquetes de software de xestión, organización ou comercialización empresarial e licenzas precisas para a realización da actividade da empresa.
- vii) Outros investimentos en innovación, relacionados coa incorporación de novos procesos, métodos de comercialización ou de organización empresarial.

b) Investimentos dirixidos á transformación do punto de venda

- i) Dixitalización da xestión no comercio, mediante a optimización, integración ou automatización dunha ou varias operacións de xestión interna do negocio, incluíndo desde a relación con provedores ata a clientela final.
- ii) Adquisición de ferramentas tecnolóxicas para a realización de autodiagnoses sobre a viabilidade do negocio , a súa potencial transmisión ou relevo xeneracional.
- iii) Investimentos dirixidos á mellora no proceso de venda que, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, faciliten tanto a recollida no establecemento a través de fórmulas omnicanal, como proceso de compra e pago dos produtos adquiridos, evitando colas e aglomeracións nos establecementos comerciais. Subvencionaranse en concreto os gastos relacionados coa obra e reforma dos espazos para a posta en marcha destes servizos, no seu caso.
- iv) Inversión en maquinaria, obra e reforma para mellorar as instalacións, a súa accesibilidade, mellora enerxética, adecuación e equipamentos:
 - 1) Mellora de illamentos, equipamento e instalacións.
 - 2) Substitución de ventás, portas ou outros elementos de peche, adquisición/substitución de mobiliario e elementos de decoración, luminarias, intervencións en fachadas e instalación/substitución de letreiros e rótulos comerciais.
 - 3) Maquinaria e bens de equipo, incluídos os informáticos, relacionados coa actividade produtiva da empresa.

c) Gastos relativos á cadea de subministración e trazabilidade:

- i) Investimentos en novas tecnoloxías que permitan coñecer a trazabilidade do produto ou outras características do mesmo en toda a canle de distribución.

4º Criterios de concesión

4.1. A puntuación máxima a obter será de 25 puntos.

4.2. A avaliación das solicitudes realizarase mediante a aplicación dos criterios expostos a seguir.

- A. Estar a entidade solicitante incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo I: 10 puntos
- B. Grao de recuperación económica trala crise socioeconómica ocasionada pola COVID-19. Para elo comparárase a facturación obtida no primeiro semestre deste ano 2022 co facturación obtida no primeiro semestre do ano 2019. Outorgáranse ata 6 puntos segundo a seguinte escala:
 - a. 6 puntos se a baixada de facturación é superior ao 35 por cento.
 - b. 5 puntos se a baixada de facturación é superior ao 30 por cento.
 - c. 4 puntos se a baixada de facturación é superior ao 25 por cento.
 - d. 3 puntos se a baixada de facturación é superior ao 20 por cento.
 - e. 2 puntos se a baixada de facturación é superior ao 10 por cento.
 - f. 1 punto se a baixada de facturación é igual ou inferior ao 10 por cento.
 - g. 0 puntos se a facturación do primeiro semestre do ano 2022 fora igual ou superior a do primeiro semestre do ano 2019.

Respecto aquelas persoas que comezaran a súa actividade entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 30 de xuño de 2019, cuxa facturación, polo tanto, non se corresponde co semestre completo, obterase a facturación media mensual do primeiro semestre do ano 2019 e comparárase coa facturación media mensual do primeiro semestre do ano 2022.

C. Persoa autónoma ou empresa de recente creación. Outorgaranse 6 puntos por iniciar a actividade empresarial con posterioridade ao 1 de xullo de 2019 (e polo tanto non poder optar a puntuación a outorgar no punto B) deste apartado. Para tal efecto, atenderase á data de inicio de actividade recollida no modelo 036 ou 037, alta de obrigados tributarios.

D. Número de persoas traballadoras. Dentro do concepto “persoa traballadora” se inclúe aos traballadores por conta allea e a figura da persoa “autónoma colaboradora”: ata 4 puntos segundo esta distribución:

- a. 1 persoa: 1 punto
- b. 2 a 4 persoas: 2 puntos
- c. 5 a 9 persoas: 3 puntos
- d. Igual ou superior a 10 persoas: 4 puntos

E. Uso do galego no proceso empresarial

Valorarase cun máximo de 3 puntos o emprego do galego nos distintos ámbitos empresariais, tanto internos ou de xestión como externos ou relacionais.

Terase en conta que a solicitude estea redactada en lingua galega así como que a páxina web do establecemento ou demais recursos promocionais ou publicitarios dispoñibles se expresen polo menos en lingua galega. Para estes efectos a persoa solicitante deberá indicar na memoria, para a súa comprobación, os enlaces de información correspondentes.

Outorgaranse 1 punto se a instancia e a documentación do proxecto están redactadas en lingua galega e 2 puntos se a páxina web do establecemento e demais materiais publicitarios empregados se expresan na mesma lingua.

F. Solicitude presentada correctamente e coa documentación completa, sen necesidade de requirimento de subsanación: 2 puntos

No caso de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios e coa seguinte orde de prioridade:

- Estar a entidade solicitante incluída nalguna das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo I.

- Orde de entrada no rexistro da solicitude correcta e coa documentación completa

5º Contía da subvención

5.1. O importe da axuda será do 80 por cento do investimento xustificado (IVE excluído) ata un máximo de 5.000 euros por cada persoa beneficiaria.

5.2. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa beneficiaria.

6º Solicitudes e documentación

6.1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. Se a presentación se realiza a través da sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) deberá escoller o trámite “Solicitude de subvención” do catálogo de trámites dispoñible.

6.2. Xunto coa solicitude, deberá achegar a seguinte documentación:

- Formulario normalizado CS006COM dispoñible como anexo II debidamente cuberto en todos os seus campos, e asinado electrónicamente.
- Documentación acreditación da representación, se procede.
- DNI- NIF/NIE da persoa solicitante.
- DNI- NIF/NIE da persoa representante, se procede
- Memoria explicativa dos investimentos realizados, acompañada das facturas ou documentos substitutivos nos casos previstos no Real decreto 1496/2003 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que acrediten a realización dos investimentos, en relación nominativa, agrupados segundo os apartados de gastos subvencionables recollidos na base

terceira. Ás facturas deberán xuntárselles os documentos acreditativos do seu pagamento.

- Alta no censo de obrigados tributarios, modelo 036 ou 037, segundo corresponda. Só para aquelas persoas autónomas ou empresas de recente creación.
- Alta no RETA (régime de traballadores autónomos), incluída a dos autónomos colaboradores, no seu caso. As sociedades mercantís deberán achegar a alta no RETA das persoas societarias obrigadas a elo. Aquelas non obrigadas a estar dadas de alta en dito réxime, así como as cooperativas de traballo, deberán achegar declaración responsable específica desta circunstancia.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.
- Certificado da situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado.
- Certificado bancario de titularidade de conta
- Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:
 - Modelos trimestrais 303 dos dous primeiros trimestres dos anos 2019 e 2022.
 - Modelo 130 do segundo trimestre dos anos 2019 e 2022
 - Persoas que tributen en réxime de estimación obxectiva: Modelos trimestrais 131 dos dous primeiros trimestres dos anos 2019 e 2022, acompañados de declaración responsable do volume de facturación real, non estimada, dos dous primeiros trimestres dos anos 2019 e 2022.
 - Supostos de non obrigatoriedade de presentación de ningún dos modelos sinalados nos parágrafos anteriores: Modelo 200 dos anos 2019 e 2022, xunto coas copias, referidas ao primeiro semestre dos anos 2019 e 2022, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de

ingresos e gastos, ou libro rexistro de vendas e ingresos ou libro de compras e gastos.

- Documentación acreditativa do número de persoas traballadoras na empresa (RNT e RLC) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social de que non existe persoal empregado.
- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago. Se o importe da subvención solicitada fose inferior ou igual a 3.000 € será suficiente con cubrir o apartado correspondente na declaración responsable incluída no formulario CS006COM, no que se declara responsablemente que a persoa está ao corrente con estas administracións.

6.3. Só será válida unha única solicitude por persoa solicitante. No caso de que algunha persoa presente unha nova solicitude, entenderase que desiste das anteriores.

6.4. As persoas autónomas societarias non poderán presentar solicitude independente coma persoas autónomas e a súa vez en representación da empresa da que sexan societarias.

6.5. No formulario normalizado CS006COM ven recollida unha declaración responsable, de obrigado cumprimento, onde manifestará, respecto a persoa solicitante:

- Que non está incurso en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de persoa beneficiaria.
- Que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Santiago.
- Que non está afectada polo réxime *de minimis* a que se acolle esta convocatoria.
- Que os requisitos para poder ser beneficiaria cúmprense no momento da publicación desta convocatoria no BOP.
- A declaración das axudas solicitadas e ou obtidas para os mesmos investimentos.
- A veracidade dos datos contidos na solicitude.

6.6. A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

6.7. Se a solicitude se presenta a través dun medio distinto da sede electrónica do Concello de Santiago, dentro do mesmo prazo límite, enviarase unha copia, xunto co resgardo, selo de entrada ou acreditación de que foi presentada que corresponda, ao enderezo de correo electrónico comercio@santiagodecompostela.gal.

7º Prazo de presentación de solicitudes

7.1. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e remata o 3 de outubro de 2022.

7.2. Aquelas solicitudes presentadas con anterioridade á apertura do prazo de presentación de solicitudes teranse por non presentadas, en atención á obrigatoriedade de termos e prazos establecida no artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

7.3. O envío das bases ao BOP farase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

8º Instrución do procedemento. Emenda das solicitudes

8.1. Recibidas as solicitudes, o departamento de Comercio levará a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio cantas actuacións consideren necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

8.2. As persoas cuxas solicitudes presenten defectos ou sexa incompleta a documentación, cuxa listaxe será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Santiago e mais na web do departamento de comercio do Concello de Santiago, <http://comercio.santiagodecompostela.gal/> e deberán emendar o que se indique dentro no prazo de dez días hábiles. De non o facer, entenderase desisten do seu pedimento e dítase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

8.3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas

presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude completa aquela en que foi realizada a emenda.

9º Avaliación das solicitudes

A valoración será realizada por unha comisión presidida polo Alcalde do Concello de Santiago e integrada ademais por tres persoas da administración municipal convocante, da escala técnica. A secretaría será asumida pola técnica responsable do departamento de comercio.

10º Resolución do órgano competente.

10.1. Á vista da instrución do procedemento e da avaliación efectuada, o alcalde formulará a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, que será o órgano competente para resolver.

10.2. O procedemento resolverase no prazo máximo dun mes a partir da data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

10.3. A listaxe de persoas beneficiarias xunto co importe da axuda concedida, así como aquelas cuxa solicitude sexa denegada polos motivos que concorran, será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Santiago e na páxinas web do departamento de comercio <http://comercio.santiagodecompostela.gal>.

11º Xustificación

11.1. Coa solicitude, segundo a base 6ª, deberá xa achegarse toda a documentación precisa para adoptar a correspondente resolución de concesión e aprobación da xustificación da axuda a conceder, no seu caso, polo que o prazo de xustificación coincide co de presentación de solicitudes.

11.2 Se existen outras subvencións para o mesmo proxecto, o importe que cómpre xustificar será a suma de todas elas.

12º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

13º Obrigas das persoas beneficiarias

- Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Comunicar ao órgano concedente, en canto se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.
- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

14 º Incompatibilidades

Esta axuda quedará suxeita ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán excederse os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de

2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

Será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 5ª apartado 2.

15º Reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora que cumpran, nos casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

16º Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

17º Entrada en vigor e vixencia

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

18º Financiamento

A este programa destínanse unha dotación de 350.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 7790101 Proxecto de gasto 2022 4 RLTCO 45.

Anexo I. Epígrafes do imposto de actividades económicas puntuables

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en superservizos, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas estea comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria, salvo aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutaría.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos no especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar

691.9. Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P.

ANEXO II.- Modelo de solicitude

Dispoñible na páxina web do departamento de Comercio:

<http://comercio.santiagodecompostela.gal>